



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís

RP 2026/14709. Aprobación das bases do XIII Premio “Concepción Arenal” a proxectos educativos pola igualdade de xénero (PREM-CA/2026)

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 13506, DE DATA 31 DE MARZO DE 2026, MODIFICADA POLA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 14709, DE DATA 10 DE ABRIL DE 2026, POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO XIII PREMIO CONCEPCIÓN ARENAL A PROXECTOS EDUCATIVOS POLA IGUALDADE DE XÉNERO (PREM-CA/2026) .

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes da Sección de Servizos Sociais, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as Bases reguladoras do XIII Premio “Concepción Arenal” a proxectos educativos pola igualdade de xénero, que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Segundo. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Terceiro. Aprobar o orzamento da actividade, que ascende a 16.600,00 €, e contabilizar o importe dos gastos, segundo o seguinte detalle:

Concepto	Importe	Aplicación
Premio	15.000€ (3 x 5,000€)	0611/23122/481
Honorarios do xurado, fixados de acordo co establecido na Base 30ª.4 das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026.	1.600€ (800€ x 2)	0611/23122/22699

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

XIII Premio “Concepción Arenal” a proxectos educativos pola igualdade de xénero (2026)

BASES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa finalidade de promover políticas de igualdade e prevención da violencia de xénero na poboación infantil e adolescente e co obxecto de premiar o compromiso e implicación dos centros educativos públicos da provincia que presenten un proxecto educativo que promova a igualdade entre homes e mulleres, levando a cabo medidas para a erradicación da violencia e encamiñadas á consecución da igualdade real, a Deputación da Coruña convoca o *XIII Premio “Concepción Arenal” a proxectos educativos pola igualdade de xénero*.

O premio rexerase polas seguintes bases:

BASES

Base 1. Obxecto

O obxecto do certame é deseñar e executar proxectos educativos que procuren o desenvolvemento de habilidades para a identificación e o rexeitamento de estereotipos sexistas que contribúen a xerar e manter a violencia de xénero, así como a construción de esquemas alternativos que axuden a comprender e respectar a igualdade de oportunidades reais entre sexos, así como a igualdade de trato e a non discriminación por razón de orientación sexual e identidades de xénero.

O premio concederáse ao mellor proxecto educativo en cada unha das tres modalidades que se sinalan no punto 1.1.

Premiarase o proxecto de actividades de centro no que se traballe a prol da consecución da igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, así como a sensibilización, prevención de comportamentos de risco e intervención en materia de violencia de xénero incorporando de forma transversal a educación en valores como a solidariedade, tolerancia, respecto, xustiza, igualdade, diversidade etc. a promoción da empatía e autoexpresión emocional e o fomento da participación da familia, da escola e da comunidade.

1.1. Requisitos dos proxectos

- Deberán ser proxectos orixinais e de autoría propia.
- Premiaranse proxectos que estean en fase de deseño, executándose ou rematados.

Os proxectos deberán rematarse na súa totalidade nos cursos 2025/2026 e/ou 2026/2027.

Só se poderá presentar un proxecto por candidatura, e deberá enmarcarse nunha soa das seguintes modalidades:

A. Proxectos educativos en educación infantil

B. Proxectos educativos en educación primaria

C. Proxectos educativos en educación secundaria, bacharelato e formación profesional básica e grao medio

- Os proxectos deberán empregar a lingua galega e unha linguaxe con perspectiva de xénero. Desagregarán os datos por sexo e incorporarán medidas de accesibilidade universal en todas as súas fases.

Exclusións:

Quedan excluídos os proxectos xa premiados con anterioridade nesta ou calquera outra convocatoria de similar natureza.

Quedan excluídos os centros educativos privado e concertados.

Quedan excluídos os centros educativos que non dispoñan de NIF propio.

Base 2. Requisitos das entidades candidatas

Poderán participar centros educativos públicos da provincia que impartan unha das modalidades de ensino recollidas na base 1, no que se desenvolve o proxecto presentado ao premio.

- Dado que a tramitación será telemática quen presente a candidatura deberá:
 - Dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.
 - Dispoñer de certificado dixital.
- Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Só se admitirá unha candidatura por centro educativo. No caso de que un mesmo centro presente varias candidaturas só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Base 3. Dotación

O XIII edición dos Premios “Concepción Arenal” a proxectos educativos pola igualdade de xénero ten unha dotación de 15.000,00 €, con cargo á partida 0611/23122/481 do Orzamento ordinario para 2026.

Base 4. Contía e número de premios

Establécense tres premios de 5.000 €, un por cada modalidade:

- A. Educación infantil
- B. Educación primaria
- C. Educación secundaria, bacharelato e formación profesional básica e grao medio.

Base 5. Forma, prazo e documentación da presentación das candidaturas

5.1. Forma de presentación

As candidaturas deberán presentarse a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>) presentando toda a información requirida.

Non se terán por presentadas as candidaturas que se acheguen noutros rexistros.

A presentación da candidatura e toda a súa documentación deberá ser asinada dixitalmente pola persoa que a presenta.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a candidatura sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada.

Serán rexeitadas automaticamente as candidaturas que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

5.2. Prazo de presentación

O prazo de presentación de candidaturas determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

5.3. Documentación da candidatura

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña. Os proxectos deberán ser presentados pola dirección do centro ou persoa que nomee representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña.
- Declaración conforme o proxecto é orixinal e de autoría propia.
- Declaración de que o proxecto que se presenta non recibiu ningún outro premio con anterioridade á presentación da solicitude.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Descrición do proxecto, segundo o modelo establecido, cos seguintes requisitos de formato:
 - Extensión máxima de 10 páxinas numeradas e redactadas a unha cara, incluíndo anexos. No caso de que se presenten máis de 10 páxinas, as adicionais non se terán en conta na avaliación.
 - Tamaño DIN A4 cun espazo interlineal sinxelo e empregando o tipo de letra Arial a 11 puntos.
 - As fotografías e gráficos que poden engadirse, de ser o caso, terán un formato JPG, 150 ppp.
- Autorización para que, no caso de resultar premiado, a Deputación da Coruña poida reproducir, transformar, distribuír e comunicar publicamente o proxecto por tempo indefinido no desenvolvemento de calquera actividade propia relacionada co fomento da igualdade de xénero.
- Os proxectos non executados na súa totalidade no momento da presentación da solicitude, deberán achegar o compromiso expreso de rematar a súa execución no curso 2025-2026 ou 2026-2027 e de presentar a memoria xustificativa da súa execución antes do 30 de xuño de 2027.

Base 6. Procedemento de concesión

Logo de recibidas as candidaturas, a unidade xestora determinará as que reúnen todos os requisitos e someteráas ao xurado, que deberá de valoralas segundo os criterios recollidos nestas bases.

En función dos puntos asignados o xurado propondrá motivadamente as candidaturas que resulten premiadas e a contía do premio.

O xurado poderá facer unha mención honorífica, sen dotación económica, a algún outro proxecto educativo pola súa calidade técnica ou impacto social.

No caso de producirse empate na puntuación, atenderase á data e hora de presentación das candidaturas empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade.

O xurado poderá declarar deserto/s o/s premio/s.

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, a Presidencia ditará resolución de concesión dos premios ou, no seu caso, declarándoos desertos.

A decisión do xurado será inapelable e será publicada no Boletín Oficial da Provincia.

A concesión do premio será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Base 7. Xurado

O xurado estará presidido pola deputada delegada de Políticas de Igualdade de Xénero, que poderá participar no xurada con voz pero sen voto, e formarán parte del tres persoas especialistas en igualdade de xénero.

As funcións de secretaría serán exercidas pola secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: "Órganos colexiados das distintas administracións públicas", artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Base 8. Valoración das candidaturas

O xurado valorará todos os proxectos tendo en conta os seguintes criterios:

1. Proposta do título do proxecto. Valorarase a creatividade, orixinalidade e impacto social, así como a relación directa do título do proxecto cos contidos e obxectivos.	Ata 5 puntos
2. Descrición do proxecto. Valorarase a claridade da descrición das accións e actividades propostas, a coherencia das actividades previstas coa consecución de obxectivos, así como a metodoloxía empregada.	Ata 20 puntos
3. Xustificación do proxecto e detección de necesidades. Valorarase a adaptación do proxecto ás necesidades previamente detectadas.	Ata 10 puntos
4. Calendario de realización. Valorarase o nivel de adecuación entre as actividades previstas e a temporalidade.	Ata 10 puntos
5. Coordinación, participación, implicación e xestión do proxecto. Valorarase a maior participación e implicación dos axentes principais do proxecto, así como o procedemento na xestión interna, o persoal encargado e a implicación directa dos órganos de coordinación docente.	Ata 10 puntos
6. Plan de difusión. Valorarase a estrutura e coherencia do plan de difusión, tanto a nivel interno como externo. Terase en conta a edición de materiais, recursos innovadores, didácticos e as estratexias de difusión.	Ata 10 puntos
7. Plan de avaliación. Valorarase a relación entre os obxectivos específicos e os indicadores avaliativos propostos, o procedemento avaliativo e as ferramentas empregadas, así como outros procedementos para o seguimento, análise e mellora.	Ata 10 puntos
8. Calidade técnica. - Valorarase o desenvolvemento de accións educativas innovadoras, con capacidade de desenvolver boas prácticas de accións e medidas que sirvan como modelo e impulsen outras iniciativas educativas. (Ata 10 puntos) - Valorarase o emprego das TIC e recursos educativos innovadores con impacto social. (Ata 5 puntos) - Valorarase as propostas de atención á diversidade. (Ata 10 puntos)	Ata 25 puntos

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Cultura, Igualdade e Dereitos Cívís e do Servizo de Fiscalización. A resolución de concesión do premio será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

Base 9. Pago do premio

O pago dos premios realizarase nun único prazo despois da resolución da concesión.

O pago dos premios serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Para o cobro do premio, deberán presentar a seguinte documentación:

- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

A presentación desta documentación farase a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL) no apartado “acheга de documentación complementaria”.

Base 10. Obrigas

Os centros premiados están obrigados a divulgar a obtención do premio en calquera soporte ou medio de comunicación.

Os centros premiados comprométese a nomear á Área de Igualdade da Deputación da Coruña en todas e calquera comunicacións que realice en relación co premio, tanto en soportes físicos, auditivos como dixitais, deberá figurar, de forma expresa, a seguinte frase: Este centro foi premiado no XIII Premio “Concepción Arenal” a proxectos educativos pola igualdade de xénero (2026) da Deputación da Coruña.

Así mesmo, deberá incorporar os logotipos da Deputación da Coruña e de Igualdade.

Nas publicacións en redes sociais deberán etiquetar á Deputación da Coruña.

Nas presentacións dos proxectos finalizados deberase indicar que foi premiado pola área de Igualdade da Deputación da Coruña.

No caso de que o proxecto non estivera finalizado na data da concesión, os materiais e medios de difusión empregados con posterioridade para o seu desenvolvemento deberán incluír a identidade visual da Deputación da Coruña e de Igualdade que poderá descargarse na web www.dacoruna.gal no apartado de Imaxe corporativa.

Os centros premiados por proxectos non executados no momento de presentar a solicitude, deberán achegar unha memoria xustificativa da súa total execución antes do **30 de xuño de 2027**.

O xurado poderá verificar que o proxecto desenvolveuse tal e como fora presentado e premiado nesta convocatoria, e se non se axusta ao inicialmente presentado, poderá dar lugar ao reintegro parcial ou total do premio.

O incumprimento de calquera dos requisitos esixidos nestas bases poderá dar lugar ao reintegro de premio percibido, xunto cos xuros de mora que correspondan.

Base 11. Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios, que poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo, se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa **Política de Privacidade** ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Base 12. Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases e a autorización á Deputación da Coruña para divulgar os proxectos premiados en actividades relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

A Deputación resérvase os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública por tempo indefinido para que a Deputación poida empregar os proxectos gañadores para calquera actividade da Deputación da Coruña relacionadas co fomento da igualdade de xénero.

A Coruña, 13 de abril de 2026

O Presidente

Valentín González Formoso

O secretario

Miguel Iglesias Martínez

2026/2308